

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 11:11 horas do día 5 de xaneiro de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antonio Luis Noceda Carballo (que se incorpora á sesión no momento que se expresa), dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora accidental:

Dona María Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación inicial, se procede, do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Fene.

Logo de ver o informe da Secretaría de data 25 de novembro de 2011, que copiado di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto

Informe xurídico sobre o expediente relativo á aprobación do regulamento do Consello escolar municipal de Fene

Xustificación

Corresponde a Secretaría informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio ao abeiro do artigo 3 do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro de Réxime xurídico dos Funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal (BOE núm. 223, de 29-09-1987).

Cumprimentándose ese deber emítese o seguinte:

1 Antecedentes que obran no expediente

1º Remítese pola Alcaldía proxecto de regulamento do Consello escolar municipal de Fene requiríndose informe da Secretaría sobre o mesmo.

2 Lexislación aplicable

- Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- O artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Concordantes.

-Lei 3/1986, do 18 de decembro de consellos escolares de Galicia.

-Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e os consellos escolares territoriais e municipais.

3 Consideracións:

1ª O artigo 15.2 da Lei 3/1986 do 18 de decembro establece a obriga de constituir os Consellos escolares municipais nos municipios que contén polo menos “un colexio de EXB”. O artigo 17.2 da Lei 3/1986 do 18 de decembro remítese á regulación regulamentaria municipal.

2ª A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

A Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), previo Ditame da Comisión Informativa, e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taloleiro de anuncios do Concello.

B Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e / ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

C No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

D O Acordo de aprobación definitiva (expresa ou tácita) da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taloleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a publicación completa do seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

3ª O artigo artigo 30 do Decreto 44/1988 establece que “1. Nos concellos de menos de 25.000 habitantes nos que existan varios centros escolares, o Consello Escolar municipal terá a seguinte composición: 1.1. O alcalde ou membro da Corporación en que delegue, que será o presidente. 1.2. Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas, no sector docente:

- 1.2.1. Cinco do ensino público.
- 1.2.2. Dous do ensino privado.
- 1.3. Catro pais de alumnos propostos polas federacións de asociacións de pais de alumnos.
- 1.4. Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.
- 1.5. Sete membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación municipal, de acordo co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro.
2. Se no municipio non houberse centros privados, o número de profesores representantes dese ensino pasará a incrementalo número de representantes do ensino público”

O artigo 16.1.b da Lei 3/1986 establece que “os demais membros do Consello estarán distribuídos de tal forma que os dous tercios da totalidade sean pais, profesores e alumnos de todos os niveles educativos non universitarios do municipio. O tercio restante estará formado por directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de Centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños, a tenor do disposto pola Corporación Municipal.”

Na proposta presentada a configuración non cumpre co requisito de que un tercio dos seus membros, excluído o alcalde-presidente, estea “formado por directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de Centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños”.
4ª A competencia para a aprobación da ordenanza corresponde ó Pleno da Corporación (artigos 22.2.d e 49 da Lei 7/85 por maioría simple.

Infórmase desfavorablemente a aprobación do regulamento segundo o manifestado na consideración 3ª, polo que non procede a aprobación do mesmo. Para o caso de que a corporación, contra do criterio deste informante, entenda que proceda a súa aprobación, previo ditame da comisión informativa o Pleno debería acordar:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento do Consello escolar municipal de Fene.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

Este é o parecer non vencellante do informante, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito e/ou da superior autoridade corporativa.

Fene 25 de novembro do 2011
O secretario
Jesús Tallón García”

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de decembro de 2011, que copiado di:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento do Consello escolar municipal de Fene.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

Anexo

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE FENE

LIMIAR

O marco constitucional recoñece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

Por iso é fundamental educar no exercicio da participación, e esta soamente se aprende se efectivamente se practica. Nese contexto, os consellos escolares son a garantía de que calquera persoa pode exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, a conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade, e a cohesionar o tecido escolar implicado comprometendo aos grupos e ás persoas coa súa participación e contribucións.

Fene quere ser un concello educador en todos os sentidos, que viva a educación como un referente básico para a formación da conciencia cívica. Un instrumento determinante para acadar estes obxectivos é o Consello Escolar Municipal de Fene, no que debe confluír toda a comunidade educativa e sectores afectados na programación do ensino non universitario no ámbito municipal: mestres, alumnos, nais e pais, traballadores da administración e dos servizos educativos e profesionais de ámbitos diversos, e responsables políticos, entre outros.

De acordo co que dispoñen a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a Lei 3/1986, do 18 de decembro de consellos escolares de Galicia, o Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e os consellos escolares territoriais e municipais, e demais normas de aplicación proponse a creación e constitución do Consello Escolar Municipal de Fene segundo o seguinte regulamento:

Artigo 1. Natureza

O Consello Escolar Municipal de Fene é o órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Artigo 2. Finalidade

O Consello Escolar Municipal de Fene configúrase como un organismo de asesoramento, consulta, proposta e participación sobre o ensino non universitario no ámbito territorial do Concello de Fene.

Artigo 3. Competencias

1. O Consello Escolar Municipal de Fene será consultado pola Administración educativa e polo Concello sobre as cuestións relacionadas co ensino non universitario no ámbito municipal.

2. En atención ao seu carácter esencialmente participativo e a actuación do Consello Escolar Municipal de Fene referirase ás seguintes cuestións:
- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.
 - b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, como o transporte escolar, os comedores e os servizos de limpeza e conservación.
 - c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
 - d) Emprazamento de centros docentes dentro da demarcación municipal
 - e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.
 - f) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio e á consecución dunha escola democrática, libre e non discriminatoria.
 - g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación outorgue aos municipios.
 - h) A programación de investimentos en materia educativa.
 - i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.
3. O Consello Escolar Municipal de Fene elaborará un informe-memoria anual sobre a situación educativa no seu ámbito territorial. Este informe remitirase ao concello, á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao Consello Escolar Territorial correspondente, de habelo, e de non existir ao Consello Escolar de Galicia.
4. O Consello Escolar Municipal de Fene elaborará tamén unha memoria anual da súa actuación que se remitirá ás direccións dos centros de educación e ó Pleno do Concello de Fene.
5. O Consello Escolar Municipal de Fene poderá elevar á Administración educativa ou ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.
6. O Consello poderá requiririlles á Administración educativa e ao Concello a información e o asesoramento técnico que precise para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 4. Composición

1 O Consello Escolar de Fene estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: O alcalde ou membro da Corporación no que delegue
- b) Vicepresidente: Elixido polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene entre os seus membros de dereito
- c) Secretario: Un funcionario ou funcionaria do Concello designado polo Presidente, a proposta do secretario do Concello
- d) Vogais:
 - Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas no sector docente distribuídos da seguinte maneira:
 - Cinco do ensino público
 - Dous do ensino privado
 - Catro pais ou nais de alumnos propostos polas asociacións de nais e pais de alumnos
 - Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos dos centros existentes no municipio
 - Sete membros consonte de acordo coa seguinte distribución:

Un concelleiro representante de cada un dos Grupos municipais.

Dous membros dos movementos de renovación pedagóxica con presenza na comarca, elixidos dentro dos seus membros polos movementos de renovación pedagóxica máis representativos.

2 A Administración educativa estará representada no Consello Escolar Municipal de Fene pola persoa funcionaria que designe para o efecto a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 5. Duración do mandato e renovación dos membros

1. O mandato dos membros do Consello é de catro anos e coincidirá co da Corporación municipal.

2. Os membros do Consello perderán a súa condición durante o mandato se cesan na cualidade na que foron elixidos. De se produciren vacantes, estas cubriranse de acordo co que prevé este regulamento para o nomeamento do membro respectivo e o novo vogal serao polo tempo que lle resta ao Consello para cumprir o mandato.

3. Sen prexuízo do anterior, os vogais que sexan designados en representación das organizacións sindicais, empresariais, federación de pais e nais de alumnos e alumnas, serán ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron cando teñan lugar eleccións aos órganos rectores daquelas asociacións. O prazo para comunicarlle ao Consello esa ratificación ou substitución é de dous meses contados desde as eleccións aludidas. No caso de non recibir a comunicación nese período, o vogal enténdese ratificado no cargo.

Artigo 6. Organización

O Consello Escolar Municipal de Fene, reunirase en Pleno e en Comisión Permanente. Tamén existen as Comisións de Traballo.

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar a constitución de comisións de traballo.

Artigo 7. O Pleno do Consello

1. O Pleno é o órgano superior do Consello Escolar Municipal de Fene e estará integrado polos membros que se mencionan no artigo 4.

O Pleno reunirase en sesión ordinaria con periodicidade trimestral: unha das sesións terá lugar ao inicio do curso escolar e outra ao seu remate. Tamén se reunirá en sesión extraordinaria cando o decida o presidente ou o solicite a terceira parte dos seus membros.

2. As sesións do Pleno serán convocadas polo presidente, polo menos cunha antelación de tres días, a non ser que concorran razóns de urxencia, caso no que poderá convocarse con vinte e catro horas de antelación e a apreciación da urxencia terá que ser ratificada con antelación á consideración dos asuntos que integran a orde do día. A convocatoria conterá a orde do día da sesión e achegaráselle o borrador da acta da sesión anterior. A orde do día será elaborada polo presidente, tendo en conta as propostas da Comisión Permanente.

3. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando concorran máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Consello; e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorren polo menos a súa terceira parte. Requírese, en todo caso, a presenza do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

5. Os membros do Consello teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela. Tamén teñen dereito a obter copia das actas das sesións da Comisión Permanente e das comisións de traballo se o solicitan expresamente.

6. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactase a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Fene e a sinatura do presidente e do secretario.

Serán competencias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene:

- Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.
- Elaborar, debater e aprobar os ditames, informes e propostas que expresen a vontade do Consello.
- Elixir o vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Fene
- Elixir os membros da Comisión Permanente
- Ratificar aos presidentes de cada unha das Comisións de Traballo
- Aprobar, se é o caso, a creación de Comisións de Traballo, a súa composición e demais extremos.
- Aprobar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Fene
- Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio

Artigo 8. A Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal de Fene será elixida polo Pleno e asegurará a representación de todos os sectores.

Estará formada por: o presidente, o vicepresidente, o secretario, os presidentes de cada unha das Comisións de Traballo, un ensinante, un pai ou nai de alumno/a e un representante do alumnado.

2. A Comisión Permanente xuntarase, como mínimo, unha vez cada mes e cando considere pertinente o presidente ou os dous terzos dos seus membros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

4. Os membros da Comisión Permanente teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela.

5. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarase a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Fene e a sinatura do presidente e do secretario.

6. As funcións da Comisión Permanente serán:

- Preparar a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene
- Preparar os temas, os informes, as propostas e os ditames para seren debatidos polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene
- Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno
- Coordinar o labor das Comisións de Traballo
- Elaborar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Fene
- Elaborar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio

Artigo 9. As Comisións de Traballo

1. O Pleno do Consello, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar da constitución de comisións de traballo, con carácter permanente ou non, que terán por finalidade a elaboración, estudo e ditame dos asuntos que sexan competencia do Pleno e da Comisión Permanente.

2. O acordo de constitución deberá sinalar a función da comisión, as normas básicas de funcionamento e a súa composición, designar o seu presidente e, se é o caso, establecer o prazo máximo de duración da comisión.

En todo caso, estarán compostas, como mínimo, por un presidente, un secretario e tres vogais.

3. As comisións de traballo poderán incorporar ás súas reunións a persoas de recoñecido prestixio no tema obxecto de estudo. Estes expertos poderán participar nas sesións con voz, pero sen voto.

4. As comisións de traballo elevarán as súas propostas á Comisión Permanente.

Artigo 10. O presidente

O presidente do Consello Escolar Municipal de Fene terá as seguintes funcións:

1. Ostentar a representación oficial do Consello Escolar Municipal de Fene
2. Convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión Permanente
3. Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene

Artigo 11. O vicepresidente

1. O vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Fene é a persoa que resulte elixida de entre os membros de dereito do Consello.

2. As súas funcións son:

- a) Substituír o presidente en caso de ausencia
- b) Desempeñar as tarefas que o presidente lle encomende

Artigo 12. O secretario

1. O secretario do Consello Escolar Municipal de Fene serao do Pleno, da Comisión Permanente e das Comisións de Traballo (de existir).

Malia o anterior, por razóns de acumulación de tarefas, o presidente do Consello Escolar Municipal de Fene poderá dispoñer que sexa substituído por outro funcionario ou funcionaria nalgunha ou nalgunhas das funcións.

2. Serán funcións do secretario:

- a) Citar as sesións do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene que convocará o presidente, segundo a orde do día que prepare a Comisión Permanente
 - b) Redactar as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente, que serán aprobadas na seguinte reunión
 - c) Calquera outra tarefa, relativa a funcións xenéricas de secretaría, que lle encomende o Consello Escolar Municipal de Fene
 - d) Custodiar as actas
3. O secretario terá voz pero non voto

Artigo 13. Medios materiais

O Concello de Fene, garantirá a existencia dos medios técnicos, materiais e persoais para o desenvolvemento e actuación dos distintos órganos do Consello Escolar Municipal de Fene.

Artigo 14. Proceso electoral e coordinación na designación de candidatos

O pleno acordará a proposta da comisión informativa, a convocatoria de elección dos representantes no Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 deste regulamento.

A designación de candidatos para membros do Consello Escolar Municipal de Fene será requirida, pola Xunta Electoral (constituída de acordo co disposto no artigo 32 e seguintes do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro) a cada entidade, colectivo ou organismo, coa finalidade de coordinar, en termos de tempo e forma, o procedemento.

A Xunta Electoral queda facultada para interpretar e aclarar todas as cuestións que se susciten sobre o proceso de eleccións (quen posúe a condición de elector ou elixible, procedemento de elección, designación ou proposta, etc.).

Artigo 15. Sede do Consello

A sede e lugar de reunións do Consello Escolar Municipal de Fene estará nos locais municipais.

Disposición adicional primeira

O primeiro Consello que se constituía trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu corrente mandato.

Disposición adicional segunda

No non contemplado no presente regulamento o Consello Escolar Municipal de Fene rexerá polo disposto nas normas legais e regulamentarias en vigor, nomeadamente as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)
- Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia (LCEG)
- Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e mais os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.
- Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, aprobado por Decreto 87/1992, do 26 de marzo.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas calquera normas municipais relativas ós consellos escolares municipais e as que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65, ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local contado a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP)."

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que en consenso cos grupos políticos municipais presenta unha modificación no artigo 4 do regulamento en relación coa composición do Consello Escolar, concretamente respecto da participación dos grupos políticos municipais que pasarían de sete membros a catro, un concelleiro representante de cada un dos grupos políticos municipais e dous membros dos movementos de renovación pedagóxica con presenza na comarca, elixidos dentro dos seus membros polos movementos de renovación pedagóxica máis representativos.

Ao non haber debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar a emenda ao ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 30 de decembro de 2011, que queda redactado coma segue:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento do Consello escolar municipal de Fene.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

Anexo

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE FENE

LIMIAR

O marco constitucional recoñece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

Por iso é fundamental educar no exercicio da participación, e esta soamente se aprende se efectivamente se practica. Nese contexto, os consellos escolares son a garantía de que calquera persoa pode exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, a conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade, e a cohesionar o tecido escolar implicado comprometendo aos grupos e ás persoas coa súa participación e contribucións.

Fene quere ser un concello educador en todos os sentidos, que viva a educación como un referente básico para a formación da conciencia cívica. Un instrumento determinante para acadar estes obxectivos é o Consello Escolar Municipal de Fene, no que debe confluír toda a comunidade educativa e sectores afectados na programación do ensino non universitario no ámbito municipal: mestres, alumnos, nais e pais, traballadores da administración e dos servizos educativos e profesionais de ámbitos diversos, e responsables políticos, entre outros.

De acordo co que dispoñen a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a Lei 3/1986, do 18 de decembro de consellos escolares de Galicia, o Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e os consellos escolares territoriais e municipais, e demais normas de aplicación propónse a creación e constitución do Consello Escolar Municipal de Fene segundo o seguinte regulamento:

Artigo 1. Natureza

O Consello Escolar Municipal de Fene é o órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Artigo 2. Finalidade

O Consello Escolar Municipal de Fene configúrase como un organismo de asesoramento, consulta, proposta e participación sobre o ensino non universitario no ámbito territorial do Concello de Fene.

Artigo 3. Competencias

1. O Consello Escolar Municipal de Fene será consultado pola Administración educativa e polo Concello sobre as cuestións relacionadas co ensino non universitario no ámbito municipal.

2. En atención ao seu carácter esencialmente participativo e a actuación do Consello Escolar Municipal de Fene referirase ás seguintes cuestións:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.

b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, como o transporte escolar, os comedores e os servizos de limpeza e conservación.

c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Emprazamento de centros docentes dentro da demarcación municipal

e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.

f) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio e á consecución dunha escola democrática, libre e non discriminatoria.

g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación

outorgue aos municipios.

h) A programación de investimentos en materia educativa.

i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

3. O Consello Escolar Municipal de Fene elaborará un informe-memoria anual sobre a situación educativa no seu ámbito territorial. Este informe remitirase ao concello, á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao Consello Escolar Territorial correspondente, de habelo, e de non existir ao Consello Escolar de Galicia.

4. O Consello Escolar Municipal de Fene elaborará tamén elaborará unha memoria anual da súa actuación que se remitirá ás direccións dos centros de educación e ó Pleno do Concello de Fene.

5. O Consello Escolar Municipal de Fene poderá elevar á Administración educativa ou ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.

6. O Consello poderá requiririlles á Administración educativa e ao Concello a información e o asesoramento técnico que precise para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 4. Composición

1 O Consello Escolar de Fene estará composto polos seguintes membros:

a) Presidente: O alcalde ou membro da Corporación no que delegue

b) Vicepresidente: Elixido polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene entre os seus membros de dereito

c) Secretario: Un funcionario ou funcionaria do Concello designado polo Presidente, a proposta do secretario do Concello

d) Vogais:

-Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas no sector docente distribuídos da seguinte maneira:

Cinco do ensino público

Dous do ensino privado

-Catro pais ou nais de alumnos propostos polas asociacións de nais e pais de alumnos

-Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos dos centros existentes no municipio

-Seis membros consonte de acordo coa seguinte distribución:

Un concelleiro representante de cada un dos Grupos municipais.

Dous membros dos movementos de renovación pedagóxica con presenza na comarca, elixidos dentro dos seus membros polos movementos de renovación pedagóxica máis representativos.

2 A Administración educativa estará representada no Consello Escolar Municipal de Fene pola persoa funcionaria que designe para o efecto a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 5. Duración do mandato e renovación dos membros

1. O mandato dos membros do Consello é de catro anos e coincidirá co da Corporación municipal.

2. Os membros do Consello perderán a súa condición durante o mandato se cesan na cualidade na que foron elixidos. De se produciren vacantes, estas cubriranse de acordo co que prevé este regulamento para o nomeamento do membro respectivo e o novo vogal serao polo tempo que lle resta ao Consello para cumprir o mandato.

3. Sen prexuízo do anterior, os vogais que sexan designados en representación das organizacións sindicais, empresariais, federación de pais e nais de alumnos e alumnas, serán ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron cando teñan lugar eleccións aos órganos rectores daquelas asociacións. O prazo para comunicarlle ao Consello esa

ratificación ou substitución é de dous meses contados desde as eleccións aludidas. No caso de non recibir a comunicación nese período, o vogal enténdese ratificado no cargo.

Artigo 6. Organización

O Consello Escolar Municipal de Fene, reunirse en Pleno e en Comisión Permanente. Tamén existen as Comisións de Traballo.

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar a constitución de comisións de traballo.

Artigo 7. O Pleno do Consello

1. O Pleno é o órgano superior do Consello Escolar Municipal de Fene e estará integrado polos membros que se mencionan no artigo 4.

O Pleno reunirse en sesión ordinaria con periodicidade trimestral: unha das sesións terá lugar ao inicio do curso escolar e outra ao seu remate. Tamén se reunirá en sesión extraordinaria cando o decida o presidente ou o solicite a terceira parte dos seus membros.

2. As sesións do Pleno serán convocadas polo presidente, polo menos cunha antelación de tres días, a non ser que concorran razóns de urxencia, caso no que poderá convocarse con vinte e catro horas de antelación e a apreciación da urxencia terá que ser ratificada con antelación á consideración dos asuntos que integran a orde do día. A convocatoria conterá a orde do día da sesión e achegaráselle o borrador da acta da sesión anterior. A orde do día será elaborada polo presidente, tendo en conta as propostas da Comisión Permanente.

3. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando concorran máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Consello; e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorren polo menos a súa terceira parte. Requírese, en todo caso, a presenza do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

5. Os membros do Consello teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela. Tamén teñen dereito a obter copia das actas das sesións da Comisión Permanente e das comisións de traballo se o solicitan expresamente.

6. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarse a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Fene e a sinatura do presidente e do secretario.

Serán competencias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene:

- Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.
- Elaborar, debater e aprobar os ditames, informes e propostas que expresen a vontade do Consello.
- Elixir o vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Fene
- Elixir os membros da Comisión Permanente
- Ratificar aos presidentes de cada unha das Comisións de Traballo
- Aprobar, se é o caso, a creación de Comisións de Traballo, a súa composición e demais extremos.
- Aprobar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Fene
- Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio

Artigo 8. A Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal de Fene será elixida polo Pleno e asegurará a representación de todos os sectores.

Estará formada por: o presidente, o vicepresidente, o secretario, os presidentes de cada unha das Comisións de Traballo, un ensinante, un pai ou nai de alumno/a e un representante do alumnado.

2. A Comisión Permanente xuntarase, como mínimo, unha vez cada mes e cando

considere pertinente o presidente ou os dous terzos dos seus membros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

4. Os membros da Comisión Permanente teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela.

5. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarase a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Fene e a sinatura do presidente e do secretario.

6. As funcións da Comisión Permanente serán:

- Preparar a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene
- Preparar os temas, os informes, as propostas e os ditames para seren debatidos polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene
- Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno
- Coordinar o labor das Comisións de Traballo
- Elaborar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Fene
- Elaborar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio

Artigo 9. As Comisións de Traballo

1. O Pleno do Consello, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar da constitución de comisións de traballo, con carácter permanente ou non, que terán por finalidade a elaboración, estudo e ditame dos asuntos que sexan competencia do Pleno e da Comisión Permanente.

2. O acordo de constitución deberá sinalar a función da comisión, as normas básicas de funcionamento e a súa composición, designar o seu presidente e, se é o caso, establecer o prazo máximo de duración da comisión.

En todo caso, estarán compostas, como mínimo, por un presidente, un secretario e tres vogais.

3. As comisións de traballo poderán incorporar ás súas reunións a persoas de recoñecido prestixio no tema obxecto de estudo. Estes expertos poderán participar nas sesións con voz, pero sen voto.

4. As comisións de traballo elevarán as súas propostas á Comisión Permanente.

Artigo 10. O presidente

O presidente do Consello Escolar Municipal de Fene terá as seguintes funcións:

1. Ostentar a representación oficial do Consello Escolar Municipal de Fene
2. Convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión Permanente
3. Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene

Artigo 11. O vicepresidente

1. O vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Fene é a persoa que resulte elixida de entre os membros de dereito do Consello.

2. As súas funcións son:

- a) Substituír o presidente en caso de ausencia
- b) Desempeñar as tarefas que o presidente lle encomende

Artigo 12. O secretario

1. O secretario do Consello Escolar Municipal de Fene serao do Pleno, da Comisión Permanente e das Comisións de Traballo (de existir).

Malia o anterior, por razóns de acumulación de tarefas, o presidente do Consello Escolar Municipal de Fene poderá dispoñer que sexa substituído por outro funcionario ou funcionaria nalgunha ou nalgunhas das funcións.

2. Serán funcións do secretario:

- a) Citar as sesións do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene que convocará o presidente, segundo a orde do día que prepare a Comisión Permanente
- b) Redactar as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente, que serán aprobadas na seguinte reunión
- c) Calquera outra tarefa, relativa a funcións xenéricas de secretaría, que lle encomende o Consello Escolar Municipal de Fene
- d) Custodiar as actas

3. O secretario terá voz pero non voto

Artigo 13. Medios materiais

O Concello de Fene, garantirá a existencia dos medios técnicos, materiais e persoais para o desenvolvemento e actuación dos distintos órganos do Consello Escolar Municipal de Fene.

Artigo 14. Proceso electoral e coordinación na designación de candidatos

O pleno acordará a proposta da comisión informativa, a convocatoria de elección dos representantes no Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 deste regulamento.

A designación de candidatos para membros do Consello Escolar Municipal de Fene será requirida, pola Xunta Electoral (constituída de acordo co disposto no artigo 32 e seguintes do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro) a cada entidade, colectivo ou organismo, coa finalidade de coordinar, en termos de tempo e forma, o procedemento.

A Xunta Electoral queda facultada para interpretar e aclarar todas as cuestións que se susciten sobre o proceso de eleccións (quen posúe a condición de elector ou elixible, procedemento de elección, designación ou proposta, etc.).

Artigo 15. Sede do Consello

A sede e lugar de reunións do Consello Escolar Municipal de Fene estará nos locais municipais.

Disposición adicional primeira

O primeiro Consello que se constituía trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu corrente mandato.

Disposición adicional segunda

No non contemplado no presente regulamento o Consello Escolar Municipal de Fene rexerá polo disposto nas normas legais e regulamentarias en vigor, nomeadamente as seguintes:

-Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)

-Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia (LCEG)

-Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e mais os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.

-Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, aprobado por Decreto 87/1992, do 26 de marzo.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas calquera normas municipais relativas ós consellos escolares municipais e as que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65, ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local contado a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP)."

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo votou a favor da modificación e que votará a favor do regulamento porque responde ao pactado na Xunta de Portavoces, aínda que non se axuste totalmente ao disposto na Lei, que entenden que o Consello Escolar municipal é un órgano que non ten facultades executivas, que non aproba nada que sexa de obrigado cumprimento, que se trata dun órgano de encontro e diálogo, que entenden que teña a maior representación posible e que todos os grupos políticos municipais estean representados. Di que quere deixar constancia que lle houbera gustado que este asunto viñera a este Pleno con anterioridade e algo máis de celeridade, que no último trimestre se viviron tempos complicados no ensino público, que quere lembrar que este mandato municipal comezou co recorte de trinta e cinco prazas de profesores e profesoras no Concello de Fene, prazas que pasan de fixas a interinas, así como coa ameaza de peche que hai que esperar a ver como se concreta nos vindeiros meses.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor da proposta, que no primeiro Pleno que celebrou a actual Corporación a primeira intervención do BNG foi unha reinvitación dun tema educativo, que seis meses despois chega este regulamento e só quere pedir que se convoque o Consello o máis axiña posible, que se comunique ás sociedades o antes posible para poder facer unha avaliación da situación e a situación para o vindeiro curso que é o máis importante.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor e roga para que o Consello Escolar municipal se poida reunir o antes posible, que xa lle chegaron novos rumores de recortes.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o grupo de goberno trae o Regulamento do Consello Escolar municipal e pide desculpas pola tardanza de seis meses, que non son tantos si se ten en conta que o antigo estaba feito dende o ano oitenta e oito e non foi feito axeitadamente e pensa que o goberno actual o fixo bastante ben. Di que xa dixeron no Pleno en varias ocasións que non tiñan ningún problema en facer unha reunión extraoficial de colexios ou escolas. Di que a vontade do goberno é que, logo de facer os seguintes trámites que obriga a Lei, convocar a primeira reunión do Consello para tratar todos estes temas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento do Consello escolar municipal de Fene.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

Anexo

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE FENE

LIMIAR

O marco constitucional reconece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

Por iso é fundamental educar no exercicio da participación, e esta soamente se aprende se efectivamente se practica. Nese contexto, os consellos escolares son a garantía de que calquera persoa pode exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, a conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade, e a cohesionar o tecido escolar implicado comprometendo aos grupos e ás persoas coa súa participación e contribucións.

Fene quere ser un concello educador en todos os sentidos, que viva a educación como un referente básico para a formación da conciencia cívica. Un instrumento determinante para acadar estes obxectivos é o Consello Escolar Municipal de Fene, no que debe confluír toda a comunidade educativa e sectores afectados na programación do ensino non universitario no ámbito municipal: mestres, alumnos, nais e pais, traballadores da administración e dos servizos educativos e profesionais de ámbitos diversos, e responsables políticos, entre outros.

De acordo co que dispoñen a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a Lei 3/1986, do 18 de decembro de consellos escolares de Galicia, o Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e os consellos escolares

territoriais e municipais, e demais normas de aplicación propónse a creación e constitución do Consello Escolar Municipal de Fene segundo o seguinte regulamento:

Artigo 1. Natureza

O Consello Escolar Municipal de Fene é o órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Artigo 2. Finalidade

O Consello Escolar Municipal de Fene configúrase como un organismo de asesoramento, consulta, proposta e participación sobre o ensino non universitario no ámbito territorial do Concello de Fene.

Artigo 3. Competencias

1. O Consello Escolar Municipal de Fene será consultado pola Administración educativa e polo Concello sobre as cuestións relacionadas co ensino non universitario no ámbito municipal.

2. En atención ao seu carácter esencialmente participativo e a actuación do Consello Escolar Municipal de Fene referirase ás seguintes cuestións:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.

b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, como o transporte escolar, os comedores e os servizos de limpeza e conservación.

- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
 - d) Emprazamento de centros docentes dentro da demarcación municipal
 - e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.
 - f) Fomento das actividades tendentes a mellor a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio e á consecución dunha escola democrática, libre e non discriminatoria.
 - g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación outorgue aos municipios.
 - h) A programación de investimentos en materia educativa.
 - i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.
3. O Consello Escolar Municipal de Fene elaborará un informe-memoria anual sobre a situación educativa no seu ámbito territorial. Este informe remitirase ao concello, á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao Consello Escolar Territorial correspondente, de habelo, e de non existir ao Consello Escolar de Galicia.
4. O Consello Escolar Municipal de Fene elaborará tamén elaborará unha memoria anual da súa actuación que se remitirá ás direccións dos centros de educación e ó Pleno do Concello de Fene.
5. O Consello Escolar Municipal de Fene poderá elevar á Administración educativa ou ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.
6. O Consello poderá requirirlles á Administración educativa e ao Concello a información e o asesoramento técnico que precise para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 4. Composición

1 O Consello Escolar de Fene estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: O alcalde ou membro da Corporación no que delegue
- b) Vicepresidente: Elixido polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene entre os seus membros de dereito
- c) Secretario: Un funcionario ou funcionaria do Concello designado polo Presidente, a proposta do secretario do Concello
- d) Vogais:

-Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario

de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas no sector docente distribuídos da seguinte maneira:

Cinco do ensino público

Dous do ensino privado

-Catro pais ou nais de alumnos propostos polas asociacións de nais e pais de alumnos

-Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos dos centros existentes no municipio

-Seis membros consonte de acordo coa seguinte distribución:

Un concelleiro representante de cada un dos Grupos municipais.

Dous membros dos movementos de renovación pedagóxica con presenza na comarca, elixidos dentro dos seus membros polos movementos de renovación pedagóxica máis representativos.

2 A Administración educativa estará representada no Consello Escolar Municipal de Fene pola persoa funcionaria que designe para o efecto a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 5. Duración do mandato e renovación dos membros

1. O mandato dos membros do Consello é de catro anos e coincidirá co da Corporación municipal.

2. Os membros do Consello perderán a súa condición durante o mandato se cesan na cualidade na que foron elixidos. De se produciren vacantes, estas cubriranse de acordo co que prevé este regulamento para o nomeamento do membro respectivo e o novo vogal serao polo tempo que lle resta ao Consello para cumprir o mandato.

3. Sen prexuízo do anterior, os vogais que sexan designados en representación das organizacións sindicais, empresariais, federación de pais e nais de alumnos e alumnas, serán ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron cando teñan lugar eleccións aos órganos rectores daquelas asociacións. O prazo para comunicarlle ao Consello esa ratificación ou substitución é de dous meses contados desde as eleccións aludidas. No caso de non recibir a comunicación nese período, o vogal enténdese ratificado no cargo.

Artigo 6. Organización

O Consello Escolar Municipal de Fene, reunirse en Pleno e en Comisión Permanente. Tamén existen as Comisións de Traballo.

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar a constitución de comisións de traballo.

Artigo 7. O Pleno do Consello

1. O Pleno é o órgano superior do Consello Escolar Municipal de Fene e estará integrado polos membros que se mencionan no artigo 4.

O Pleno reunirse en sesión ordinaria con periodicidade trimestral: unha das sesións terá lugar ao inicio do curso escolar e outra ao seu remate. Tamén se reunirá en sesión extraordinaria cando o decida o presidente ou o solicite a terceira parte dos seus membros.

2. As sesións do Pleno serán convocadas polo presidente, polo menos cunha antelación de tres días, a non ser que concorran razóns de urxencia, caso no que poderá convocarse con vinte e catro horas de antelación e a apreciación da urxencia terá que ser ratificada con antelación á consideración dos asuntos que integran a orde do día. A convocatoria conterá a orde do día da sesión e achegaráselle o borrador da acta da sesión anterior. A orde do día será elaborada polo presidente, tendo en conta as propostas da Comisión Permanente.

3. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando concorran máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Consello; e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorren polo menos a súa terceira parte. Requírese, en todo caso, a presenza do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

5. Os membros do Consello teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela. Tamén teñen dereito a obter copia das actas das sesións da Comisión Permanente e das comisións de traballo se o solicitan expresamente.
6. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarse a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Fene e a sinatura do presidente e do secretario.
- Serán competencias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene:
- Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.
 - Elaborar, debater e aprobar os ditames, informes e propostas que expresen a vontade do Consello.
 - Elixir o vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Fene
 - Elixir os membros da Comisión Permanente
 - Ratificar aos presidentes de cada unha das Comisións de Traballo
 - Aprobar, se é o caso, a creación de Comisións de Traballo, a súa composición e demais extremos.
 - Aprobar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Fene
 - Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio

Artigo 8. A Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal de Fene será elixida polo Pleno e asegurará a representación de todos os sectores. Estará formada por: o presidente, o vicepresidente, o secretario, os presidentes de cada unha das Comisións de Traballo, un ensinante, un pai ou nai de alumno/a e un representante do alumnado.
2. A Comisión Permanente xuntarase, como mínimo, unha vez cada mes e cando considere pertinente o presidente ou os dous terzos dos seus membros.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.
4. Os membros da Comisión Permanente teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela.
5. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarase a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Fene e a sinatura do presidente e do secretario.
6. As funcións da Comisión Permanente serán:
- Preparar a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene
 - Preparar os temas, os informes, as propostas e os ditames para seren debatidos polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene
 - Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno

- Coordinar o labor das Comisións de Traballo
- Elaborar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Fene
- Elaborar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio

Artigo 9. As Comisións de Traballo

1. O Pleno do Consello, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar da constitución de comisións de traballo, con carácter permanente ou non, que terán por finalidade a elaboración, estudo e ditame dos asuntos que sexan competencia do Pleno e da Comisión Permanente.
2. O acordo de constitución deberá sinalar a función da comisión, as normas básicas de funcionamento e a súa composición, designar o seu presidente e, se é o caso, establecer o prazo máximo de duración da comisión.
En todo caso, estarán compostas, como mínimo, por un presidente, un secretario e tres vogais.
3. As comisións de traballo poderán incorporar ás súas reunións a persoas de recoñecido prestixio no tema obxecto de estudo. Estes expertos poderán participar nas sesións con voz, pero sen voto.
4. As comisións de traballo elevarán as súas propostas á Comisión Permanente.

Artigo 10. O presidente

O presidente do Consello Escolar Municipal de Fene terá as seguintes funcións:

1. Ostentar a representación oficial do Consello Escolar Municipal de Fene
2. Convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión Permanente
3. Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene

Artigo 11. O vicepresidente

1. O vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Fene é a persoa que resulte elixida de entre os membros de dereito do Consello.
2. As súas funcións son:
 - a) Substituír o presidente en caso de ausencia
 - b) Desempeñar as tarefas que o presidente lle encomende

Artigo 12. O secretario

1. O secretario do Consello Escolar Municipal de Fene serao do Pleno, da Comisión Permanente e das Comisións de Traballo (de existir).
Malia o anterior, por razóns de acumulación de tarefas, o presidente do Consello Escolar Municipal de Fene poderá dispoñer que sexa substituído por outro funcionario ou funcionaria nalgunha ou nalgunhas das funcións.
2. Serán funcións do secretario:
 - a) Citar as sesións do Pleno do Consello Escolar Municipal de Fene que convocará o presidente, segundo a orde do día que prepare a Comisión Permanente
 - b) Redactar as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente, que serán aprobadas na seguinte reunión
 - c) Calquera outra tarefa, relativa a funcións xenéricas de secretaría, que lle encomende o Consello Escolar Municipal de Fene
 - d) Custodiar as actas
3. O secretario terá voz pero non voto

Artigo 13. Medios materiais

O Concello de Fene, garantirá a existencia dos medios técnicos, materiais e persoais para o desenvolvemento e actuación dos distintos órganos do Consello Escolar Municipal de Fene.

Artigo 14. Proceso electoral e coordinación na designación de candidatos

O pleno acordará a proposta da comisión informativa, a convocatoria de elección dos representantes no Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 deste regulamento.

A designación de candidatos para membros do Consello Escolar Municipal de Fene será requirida, pola Xunta Electoral (constituída de acordo co disposto no artigo 32 e seguintes do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro) a cada entidade, colectivo ou organismo, coa finalidade de coordinar, en termos de tempo e forma, o procedemento. A Xunta Electoral queda facultada para interpretar e aclarar todas as cuestións que se susciten sobre o proceso de eleccións (quen posúe a condición de elector ou elixible, procedemento de elección, designación ou proposta, etc.).

Artigo 15. Sede do Consello

A sede e lugar de reunións do Consello Escolar Municipal de Fene estará nos locais municipais.

Disposición adicional primeira

O primeiro Consello que se constituía trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu corrente mandato.

Disposición adicional segunda

No non contemplado no presente regulamento o Consello Escolar Municipal de Fene rexeráse polo disposto nas normas legais e regulamentarias en vigor, nomeadamente as seguintes:

-Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)

-Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia (LCEG)

-Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e mais

os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de

decembro, de consellos escolares de Galicia.

-Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, aprobado por Decreto 87/1992, do 26 de marzo.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas calquera normas municipais relativas ós consellos escolares municipais e as que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o

artigo 70.2, en relación co 65, ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das

bases do réxime local contado a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

2. Moción relativa á acumulación da conxelación do salario mínimo interprofesional presentada polo Grupo Mixto.

Neste momento se incorpora á sesión o concelleiro Antonio Luis Noceda Carballo.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 30 de decembro de 2011, que copiado di:

“A Corporación Municipal de Fene acorda instar ó Goberno do Estado, a anular e deixar sen efecto a conxelación do salario mínimo interprofesional, procedendo á suba do mesmo nunca por debaixo do 3,3 % no que se sitúa a inflación neste ano 2011, para que o colectivo máis desfavorecido non siga perdendo poder adquisitivo, e poidamos chegar a un salario mínimo interprofesional xusto, axustado ó custe da vida, e que afaste ós traballadores de vivir case no umbral da pobreza e da miseria.”

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, dá lectura da moción que copiada di:

“M^a Carmen Martínez Rodríguez, voceira de Esquerda Unida no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta, para o seu debate e exposición a seguinte MOCIÓN URGENTE ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno acaba de facer pública a súa intención de conxelar o valor do salario mínimo interprofesional durante o ano 2012. O chan legal que marca o tope mínimo que se pode pagar a un traballador por unha xornada a tempo completo, se manterá en 2012 nos 641,40 euros actuais (8.979,60 euros anuais). Esta medida, aínda que xa circulaba como un “rumor”, foinos dada a coñecer o día 28 do presente mes de Decembro para notificárenos tamén que a intención é aprobala o día 30.

O Goberno do Estado tenta transmitirnos esta nova medida, como “unha medida de austeridade coa que se pretende loitar contra a crise económica”, sempre a custa dun dos salarios mínimos máis baixos da Unión Europea.

Desta forma ponse freo a unha tendencia alcista do salario mínimo o cal se revalorizou anualmente en máis do 4% dende o ano 2001 ao 2009. Esquerda Unida considera que esta medida prexudica ás rendas máis baixas e asegura que perderán poder adquisitivo durante o ano 2012.

É a primeira vez en 45 anos en que o salario mínimo se conxela. Esta renda foi creada en 1963, e durante tres anos non variou; pero dende 1967 sempre foi subindo, aínda que fose menos da inflación prevista. Foi en 1980, co Estatuto dos Traballadores, cando se estableceu a súa revisión anual, previa consulta con sindicatos e patronal.

Dende EU non pedimos, ESIXIMOS unha suba do salario mínimo, unha suba tal que permita ós traballadores con dito salario, recuperar o poder adquisitivo, e rexeitamos de forma enérgica esta conxelación salarial que castiga ás persoas que se atopan en peor situación.

Segundo os datos consultados por Esquerda Unida, no ano 2009 existían unhas 183.000 persoas con salarios iguais ou inferiores ao SMI, aínda que en EU se é consciente de que este cálculo está por debaixo da realidade, xa que non se ten en conta o caso dos miles de traballadores que non teñen convenio colectivo, e cuxas condicións de traballo son, polo tanto, máis difíciles de controlar.

ESQUERDA UNIDA denuncia que nos dous últimos anos se produciu unha perda do poder de compra que responde tanto ao "recorte nominal" do SMI coma á suba dos prezos dos produtos, que alcanzou un 3,3% en novembro deste ano. En 2010 e 2011, o salario mínimo creceu un 1,5% e un 1,3% respectivamente, mentres que a inflación o fixo en torno ao 1,8% e o 3,3%. Iso supón que o poder de compra sufriu un retroceso do 0,3% en 2010 e do 2% este ano.

O SMI foi perdendo peso sobre o salario medio, afastándose do obxectivo do 60% do salario medio neto establecido pola Carta Social Europea. Dito obxectivo do 60 suporía un salario mínimo de 1.026,43 euros ao mes. O SMI español é, ademais, dos máis baixos da Unión Europea, moi por debaixo de Francia, onde se sitúa en 1.365 euros, ou Reino Unido, onde é de 1.085 euros. Iso si, está por enriba do de países como Portugal ou Eslovaquia.

Vemos como, novamente, o Goberno do Estado volve a facer recaer os máis duros axustes contra o colectivo máis desfavorecido. Un colectivo que ten que facer fronte ás necesidades básicas da súa vida cun salario de 8.979,60 euros anuais, moi por debaixo do salario medio bruto en España, que é de 22.511 euros anuais, e por suposto, moi por debaixo do salario dun deputado que, por poñer un exemplo, utilizamos o caso de Jesús Posada, o novo Presidente do Congreso, cuxo salario supera os TRECE MIL EUROS MENSUAIS.

Dende EU vemos esta medida, non como una medida para paliar a crise económica, senón como un novo ataque á cidadanía; unha medida que non fará senón levarnos a situacións límites, mentres os compoñentes do Goberno seguen a disfrutar de privilexios dos que non se desprenden nin sequera nunha situación de recesión económica como a que estamos a vivir no momento actual.

Por todo elo, o Grupo ESQUERDA UNIDA do Concello de Fene, presenta a seguinte:

PROPUESTA DE RESOLUCIÓN:

A Corporación Municipal de Fene acorda instar ó Goberno do Estado, a anular e deixar sen efecto a conxelación do salario mínimo interprofesional, procedendo á suba do mesmo nunca por debaixo do 3,3% no que se sitúa a inflación neste ano 2011, para que o colectivo máis desfavorecido non siga perdendo poder adquisitivo, e poidamos chegar a un salario mínimo interprofesional xusto, axustado ó custe da vida, e que afaste ós traballadores de vivir case no umbral da pobreza e da miseria.

Fene, 30 de Decembro de 2011.-

Fdo. M^a Carmen Martínez (Voceira de ESQUERDA UNIDA)”

Prosegue a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez dicindo que se pediu que cada membro da Corporación aportase os seus ingresos, di que non lle deu tempo a facer o seu pero que ten os datos do que cobra cada deputado e di que os once deputados de EU renunciaron ao plan de pensións o que lle parece xusto. Di que quixera incluír nesta moción aos funcionarios, que é a segunda vez que sofren unha conxelación. Di que no mesmo boletín oficial no que se anuncia a conxelación do salario mínimo interprofesional tamén se anuncia que a posta a disposición das entidades financeiras cento sesenta e un mil billóns de euros, di que lle parece insultante que non se toquen as axudas á igrexa católica que percibirán durante o ano dous mil doce máis de trece mil millóns de euros xunto aos oito mil millóns que percibe polo IRPF, que supón uns cincocentos mil euros diarios, que lle parece sangrante que os axustes se fan sempre contra os máis desfavorecidos. Di que para pagar todo isto se van facer recortes en sanidade, educación, na Lei de dependencia, investigación e todo o que semella prescindible para o goberno do PP, polo que pide que se inclúa na moción tamén o

tema dos funcionarios para tentar entre todos que estas medidas non as sufran sempre os máis desfavorecidos segundo o seguinte tenor: “que se suba o que proceda aos funcionarios sen que se conxelen as súas retribucións”.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que van votar a favor da moción porque lles parece oportuna, que a decisión que acaba de tomar o goberno do Estado lle parece lamentable por dúas cuestións, a primeira por supoñer un engano directo aos cidadáns deste país, que parece difícil que o goberno de Rajoy logo de quince días de tomar posesión se sorprenda da situación económica do país ou a situación de crise do país, que as medidas que adopte terán que ser meditadas, que o presidente prometeu non subir impostos e o reiterou ante as Cortes na sesión de investidura porque non cre nesta medida, que dixo que haberá que tomar medidas difíciles pero que sempre dirá a verdade aos españois e o primeiro que fai quince días despois no Consello de Ministros no que se toman as primeiras decisións foi mentirlles aos españois e tomar aquelas medidas que dixera que nunca ía tomar, xustificando que o goberno ten que adoptar estas medidas xa que o déficit do Estado era máis do que o Partido Socialista lles dixo no traspaso de poderes, totalmente alonxado da realidade. Di que o déficit do Estado vai ser superior ao previsto pero di que tamén é certo que se debe ao déficit das Comunidades Autónomas, gobernadas practicamente todas polo PP dende hai seis meses, que é tempo dabondo para saber estes datos, tendo en conta que Valencia e Murcia son as que máis débenda acumulan e son gobernadas polo PP dende hai anos, polo que parece difícil de crer que se poida culpar ao Partido Socialista. Di en segundo lugar, que esta medida é criticable porque non vai resolver os problemas do país, que non vai crear máis emprego, di que coma militante dun partido de esquerdas defende que os Estados teñen que cobrar impostos elevados para poder prestar servizos de calidade aos veciños, que haxa Estados fortes que teñan capacidade económica, e en situacións de crise coma estas, poidan inxectar cartos e en definitiva poder crear empresas, traballo e poder reactivar o mercado. Di que o problema é que esta suba de impostos vai acompañada do contrario, se recada máis para que o Estado poida pagar débenda e cumpra o único obxectivo de non ter endebedamento e non o obxectivo de crear emprego, que se traduce en que o Estado recada pero non gasta, que é unha medida destinada a contentar ao dúo franco-alemán, aos mercados pero que supón para os cidadáns un empobrecemento ao longo deste ano, que diferentes ministros deste goberno xa anunciaron que neste ano dous mil doce haberá que afrontar unha nova reforma laboral que significará novamente máis recortes para os traballadores. Di que o seu grupo está totalmente en contra destas medidas e que se teme que esta medida será o primeiro paso doutras que van vir.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o PP non dixo na campaña electoral o que todos sabían o ía facer: conxelar salarios, subir impostos indirectos, subir o IRPF dun xeito non proporcional, conxelar as pensións, das que di que subiron o IPC e se baixaron co IRPF, aumentar o horario dos funcionarios e conxelar o salario o que se traduce nunha redución. Di que todo isto xa se fixo en Portugal, Irlanda, Reino Unido ou Italia, capitaneado polo lobby económico que é quen marca a política. Di que a moción saca a colación unha cuestión fundamental conxelando o salario mínimo que levaba anos subindo e dáse unha situación límite xa que España é un dos países co salario mínimo máis baixo da Unión Europea combinado cunha taxa de paro moi elevada, o que quere dicir que isto non fai que o país sexa máis competitivo xa que de feito aqueles países que teñen os salarios mínimos máis elevados son máis desenvolvidos e os máis avanzados, que isto xunto á negociación colectiva e demais vai levar a unhas peores condicións laborais e por tanto de toda a sociedade no seu conxunto, que esta situación só se sostén porque a xente ten medo. Di que este ano dous mil doce, logo das eleccións andaluzas haberá outros recortes, que habería que falar da redistribución da riqueza e rescatar o vinte e

cinco por cento do PIB que está agochado no exterior. Di que non se está a facer política para a xente e si para os lobbys económicos e esta é unha medida máis.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o partido Popular de Fene cumprindo o pacto de ter un Pleno tranquilo van deixar todas estas cuestións económicas para vindeiras sesións. Di que esta actuación do goberno de Mariano Rajoy está amparado por Lei, polo Estatuto dos Traballadores e o seu artigo 27.1 onde se di que o salario mínimo interprofesional se poderá conxelar tendo en conta a conxuntura económica xeral, que é o que se está a vivir neste momento. Respecto do dito polo concelleiro do BNG de que todo o mundo sabía o que ía facer Mariano Rajoy cando chegase ao goberno di que aínda así o votaron. Di que non quere entrar en debater quen foi o culpable desta situación económica tan mala e pensa que o goberno do PP é o único capaz de solucionar este difícil momento, que non van entrar na valoración da actuación de gobernos anteriores xa que é o momento de mirar cara adiante.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que descoñece que o seu grupo teña ningún pacto respecto deste Pleno.

De seguido intervén a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente que manifesta que faloron de ter un Pleno rápido ante os voceiros dos grupos políticos.

De seguido prosegue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín que é curioso que Luis de Guindos, que traballou en Lehman Brothers, o nomeen ministro de Economía e que do que se dixo de mirar para adiante di que o hai que facer neste asunto e nos demais.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda proposta polo grupo mixto municipal de engadir ao ditame a frase “e que se suba o que proceda aos funcionarios sen que se conxelen as súas retribucións”, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda emendar o ditame.

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame emendado da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 30 de decembro de 2011, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

A Corporación Municipal de Fene acorda instar ó Goberno do Estado, a anular e deixar sen efecto a conxelación do salario mínimo interprofesional, procedendo á suba do mesmo nunca por debaixo do 3,3% no que se sitúa a inflación neste ano 2011, para que o colectivo máis desfavorecido non siga perdendo poder adquisitivo, e poidamos chegar a un salario mínimo interprofesional xusto, axustado ó custe da vida, e que afaste ós traballadores de vivir case no umbral da pobreza e da miseria e que se suba o que proceda aos funcionarios sen que se conxelen as súas retribucións.

3. Previa ratificación da urxencia, aprobación do Convenio entre o Ente Público de Portos de Galicia, a empresa pública de obras e servizos hidráulicos e o Concello de Fene.

A continuación intervéñen o Alcalde que xustifica a urxencia dicindo que se trata dun convenio de colaboración entre tres entes para establecer o bombeo da depuradora de Chanteiro no porto de Maniños e no porto de Barallobre, que tivo entrada no Concello en data 11 de novembro de 2011 e debe ser ratificado antes de dous meses, di que non se puido levar ao Pleno ordinario de decembro polo que o presentan agora perante o Pleno.

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia deste asunto co resultado de que en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes acórdase a súa inclusión na orde do día.

Logo de ver o informe de Secretaría de data 28 de decembro de 2011, que copiado di:

“INFORME DA SECRETARÍA

Asunto: Acordo relativo ao do “Convenio de colaboración entre o Ente Público Portos de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Fene para a Execución e mantemento de colectores xerais e estación de bombeo na zona de servizo do Porto de Maniños-Barallobre (A Coruña)”.

Xustificación: artigo 172, 173 e 177 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986 (BOE núm. 305 de 22-12-1986); o artigo 3 do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro de Réxime xurídico dos Funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal (BOE núm. 223, de 29-09-1987)

Resumo dos antecedentes:

1 O 28 de decembro do 2007 o Concello de Fene acordou en Pleno: Prestar a súa aprobación ao convenio de colaboración entre os concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES, FENE E MUGARDOS”, segundo anteproxecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo Presidente da empresa pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, según texto obrante no expediente, asinado en data 26 de novembro de 2007.” . Mediante este convenio os Concellos asinantes comprometéronse á adquisición dos terreos precisos para a execución das meritadas obras.

2 O día 19 de decembro remítese á Secretaría o “Convenio de colaboración entre o Ente Público Portos de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Fene para a Execución e mantemento de colectores xerais e estación de bombeo na zona de servizo do Porto de Maniños-Barallobre (A Coruña)”.

Xúntase co convenio proposto unha autorización para a execución de obras que afectan ao dominio público portuario na zona de servizo do porto de Maniños-Barallobre, dentro das actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares. A autorización condiciónase a:

- a) Remisión no prazo de dous meses dende a recepción da autorización de catro exemplares do Convenio de colaboración que se xunta, debidamente asinados.
- b) Realización do replanteo antes do comezo das obras.

1 Normativa examinada

Lei 30/1992, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (R.O.F.)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (T.R.).

Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

2 Consideracións

Previa. No expediente administrativo non se indica quen é o funcionario responsable do mesmo, así como o encargado da súa tramitación, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF; carecendo de foliación e de rúbrica, incumprindo o disposto no artigo 164.2 do ROF.

Non consta informe da xefatura da dependencia á que corresponda a tramitación do expediente administrativo, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio, incumprindo o establecido no artigo 172.1 do ROF.

1ª Non consta a este informante no expediente remitido máis antecedentes dos meritados nin proxecto ao que se refire a autorización meritada nos antecedentes. Sinala o convenio que as obras definidas por referencia ao proxecto de obra van ser executadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos polo que ao non ser executadas as obras polo Concello compételle a dita empresa pública solicitar as autorizacións esixidas legalmente e non ao Concello de Fene, sen prexuízo da “posta en disposición” a que se comprometeu o Concello (antecedente 1), cuxo análise non é obxecto do informe presente.

2ª O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan

a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Exercerá competencias nos términos que determine a lexislación sectorial do Estado ou das Comunidades Autónomas, entre outras materias en rede de sumidoiros e depuración de augas residuais. A LBRL establece os servizos mínimos ou obrigatorios dos concellos segundo a súa poboación, entre eles establece que tódolos concellos prestarán os servizos de rede de sumidoiro (art.26). (A Lei 5/1997 de administración local de Galicia establece o mesmo nos artigos 81 e 82)

O artigo 86.3 -que non constitúe título competencial- ao reservar ás entidades locais determinados sectores da actividade inclúe na reserva a depuración de augas.

A Directiva 91/271/CE do Consello de 21 de maio sobre o tratamento das augas residuais urbanas, obxecto de transposición ao noso ordenamento polo RD Ley 11/1995 de desenvolvemento da lei de augas, actual texto refundido 1/2001, establece que as Administracións Públicas deben de prestar un servizo de saneamento e depuración das augas antes da súa reintrodución a conca hidrográfica e obriga a adoptar medidas para garantir o tratamento correcto do vertido.

Normativa sectorial a que se refire a lexislación básica está encabezada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

O artigo 32 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia establece que se decláran de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, cuxo ámbito material comprende a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais, as redes de colectores xerais e as conducións de verteduras que formen parte do Plan galego de saneamento, así como, de ser o caso, a reutilización das augas residuais depuradas.

A Lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia establece no seu artigo 5 como competencias das entidades locais as redes de sumidoiros e o tratamento das augas residuais, respecto das instalacións non comprendidas no ámbito do artigo 32º (actuacións comprendidas no Plan Galego de Saneamento) desta lei, ou ben respecto daquelas sobre as que os municipios non exerciten a opción prevista na disposición transitoria quinta e que as entidades locais, no exercicio das competencias sinaladas, poderán executar obras hidráulicas, mesmo as de interese da Comunidade Autónoma, mediante o correspondente acordo.

O artigo 27 desta Lei sinala que son competencias das entidades locais o subministro de auga potable, a rede de sumidoiros e o tratamento de las augas residuais.

En particular, correspóndenlles ás entidades locais as seguintes funcións:

a) A elaboración e a aprobación dos proxectos de obras e a execución das infraestruturas correspondentes cando se trate de obras da súa competencia ou cando se actúe por delegación da Administración da Comunidade Autónoma.

b) A explotación dos servizos da súa competencia.

c) En materia de distribución e de rede de sumidoiros:

c.1. A planificación, que se levará a cabo a través dos instrumentos de ordenación urbanística axeitados segundo a lexislación urbanística aplicable e no marco da lexislación e da planificación autonómica aplicable nesta materia.

c.2. O proxecto, a construción, a explotación e o mantemento das redes de distribución e de sumidoiros.

c.3. O control das verteduras ás redes de sumidoiros no marco do que ordene a normativa de aplicación ao respecto.

(...)”.

O artigo 4 da lei 9/2010 establece as competencias da comunidade autónoma de Galicia sobre as augas, entre elas: en relación co dominio público marítimo-terrestre, a intervención e

o control das verteduras de augas residuais producidas desde terra ao litoral galego, e especialmente ás rías de Galicia, en xeral, a xestión das obras hidráulicas de interese xeral do Estado no marco do que indiquen os convenios que, se for o caso, se subscriban coa Administración xeral do Estado.

O artigo 11.3 a) establece como competencia autonómica a realización de obras hidráulicas en canto a planificación, a programación, o proxecto, a construción e a explotación de obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta.

O artigo 26 da Lei establece que son funcións da administración hidráulica da Comunidade autónoma a elaboración e a aprobación dos proxectos de obras e mais a execución delas cando se trate de actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 28^o.1 declara obras hidráulicas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia as obras incluídas no Plan galego de abastecemento e no Plan galego de saneamento, aos que se refire o artigo 35^o da lei, así como as incluídas no Plan hidrolóxico para a Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, ao que se refire o artigo 71^o desta mesma lei. O dito plan inclúe como obras de saneamento básicas o saneamento de Fene; ampliación de colectores e depuración secundaria.

3^a Para poñer en común competencias e recursos para a prestación dun servizo, pódense artellar distintos vehículos. Un deles é o convenio interadministrativo de colaboración no que se concrete cantas cuestións sexan necesarias para disciplinar adecuadamente o alcance da colaboración, ademáis do reparto de custes. O principio de cooperación entre administracións públicas recóllese, entre outros, no artigo 3 da Lei 30/1992 como principio xeral das Administracións públicas e no artigo 57 da Lei 7/1985 dispón que a cooperación entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, desenrolárase con carácter voluntario baixo as formas previstas nas Leis e poderán ter lugar mediante os convenios administrativos que subscriban. Daquela o convenio interadministrativo preséntase como un instrumento para acadar a cooperación entre as entidades locais.

De xeito supletorio, e de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, son de aplicación os artigos 6 e 8 desta norma para os convenios de colaboración que se subscriban entre a Administración autonómica e as entidades locais.

4^a Contido do convenio

1 O convenio comeza sinalando as partes do convenio: o ente público Portos de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Fene. Verbo disto, ao marxe da competencia para a sinatura deste convenio que logo se estudará, cómpre sinalar que o propio convenio se refire a unha reunión na que se atopan presentes representantes das tres partes que subscribirán este convenio cando a autorización da que nace a esixencia da sinatura deste convenio esixe que o convenio sexa asinado pola Alcaldía e remitido a Portos de Galicia para que logo sexa devolto asinado por Portos de Galicia (o convenio xa se atopa asinado polo presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos).

2 No expoñen do convenio sinálanse os antecedentes que xustifican a actuación que en resumo son os que seguen:

1^o A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas acordou a realización do proxecto de construción e explotación “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol” a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, entidade pública empresarial da Xunta de Galicia.

En concreto no DOG do 7 de decembro do 2007 publicouse a Resolución do 30 de novembro de 2007 pola que se fai pública a licitación do contrato administrativo de concesión de obra

pública para a redacción do proxecto, construción e explotación das actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugaros (A Coruña), adxudicado por resolución do 28 de xullo do 2008 (DOG do 8 de setembro do 2008) á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ente público adscrito á entón denominada Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

2º Parte da actuación definida no proxecto (que segundo o convenio obra unido ao expediente do convenio en Portos de Galicia) discorre polo dominio público portuario do porto de Maniños-Barallobre.

3º Establece como obxecto do convenio regular as relacións entre as partes que interveñen no que atinxe á execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora das obras definidas no correspondente proxecto e que discorren polo dominio marítimo portuario.

3 Dada a extensión do documento e as cuestións a considerar, farase un comentario procurando seguir as cláusulas do convenio.

Cláusula primeira

O obxecto do convenio segundo esta cláusula é regular a colaboración entre as partes no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario do porto de Maniños-Barallobre en canto á execución das obras de saneamento definidas no proxecto co título de Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol.

As obras de execución son realizadas pola Xunta de Galicia a través dunha empresa pública non polo Concello de Fene polo que as “actuacións” que afecten ao dominio público afectan as entidades que participan na execución das obras ou se ven afectadas (a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos por unha banda e pola outra Portos de Galicia) non ao Concello de Fene, cando menos ata que sexa delegada a xestión do servizo proxectado no Concello.

Cláusula segunda

Establécese a natureza xurídica e réxime xurídico do convenio: natureza administrativa e exclusión do ámbito de aplicación da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (ao día da data artigo 4 do R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro).

Cláusula terceira

Establece os compromisos que adquire o Empresa Pública de Obras e Servizos: Licitación, execución e custo das obras definidas no proxecto meritato, determinadas obrigas na fase construtiva e inclusión de todas as instalacións presentes actualmente no porto de Maniños-Barallobre na recollida de augas proxectada, en especial o edificio da lonxa do porto.

Cláusula cuarta

Establece os compromisos que adquiriría o Concello de Fene coa sinatura deste convenio, establecendo tres apartados que se proceden a analizar.

1 “Asumir, durante a fase de explotación, o custo de conservación, mantemento, limpeza e no seu caso, mellora das obras de saneamento obxecto deste convenio e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.”

Como xa se dixo é competencia municipal a prestación do servizo de saneamento constituindo este un servizo necesario, de prestación obrigatoria para o Concello de Fene. Non obstante as obras as que se refire o convenio non foron licitadas polo Concello senón pola administración autonómica que é, polo tanto, a titular da competencia. A máis abundamento o propio convenio sinala que se acordou licitar o proxecto de “construcción e explotación” polo que se inclúe a explotación e correspondente mantemento do servizo, non correspondendo, polo tanto, ao Concello asumir os custos de conservación, mantemento e limpeza e si a concesionaria adxudicataria das obras e explotación. En canto a melloras posibles resultaríalle de aplicación o anterior: non é, a xuízo do que subscribe, competencia municipal. Para o caso de que chegara a ser competencia municipal a explotación do servizo mediante o convenio analizado estaría selle impondo ao Concello a execución de actuacións cuxa contía e alcance é indeterminado aceptando unha tutela que deixa a actuación municipal nunha situación de dependencia quasi xerárquica da decisión doutra administración.

“Calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia”. En tanto que a modificación das actuacións acometidas suporía a afectación do dominio público portuario requirirían autorización do ente público Portos de Galicia, pero xa que as actuacións e posterior explotación lle corresponden á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, corresponderíalle a esta empresa solicitar as ditas autorizacións mentres teña adxudicada a explotación.

Sinala tamén que o Concello deberá, para o caso de asinar o Convenio, “Ademais de manter en axeitadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a reposición de elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados), das obras realizadas, o Concello deberá asumir o mantemento da rede de saneamento executada e existente obxecto do presente convenio en todos os seus elementos (colectores, pozos de rexistro, estación de bombeo, firmes e pavimentos a repoñer etcétera).” Deste xeito parece que se pretende delegar ou encomendar competencias por parte da administración autonómica ao Concello de Fene sen determinar a contía do gasto correspondente nin atribuír fondos necesarios para asumila. En calquera caso, posto que a explotación do servizo non está atribuído ao Concello de Fene senón a unha empresa non é competencia do Concello a limpeza, hixiene e reposición de elementos.

2 “Entregar sen contraprestación libre de cargas e gravames, a titularidade das obras de referencia executadas en dominio público portuario ao ente público Portos de Galicia, quedando estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao dito dominio formando parte da zona de servizo do porto de Maniños-Barallobre adscrita para a súa xestión a Portos de Galicia.”

“Así mesmo, o Concello aportará tamén libres de cargas, de ser o caso, os terreos da súa competencia que resulten necesarios para a execución das obras, e expedirá, sen aplicación de ningunha taxa, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras.”

Estase establecendo unha donación gratuita das obras que tivera que realizar o Concello sobre dominio público portuario, o que suporía vulnerar o procedemento legalmente establecido no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e a obriga de entregar bens inmoables gratuitamente que resulten precisos para a execución das obras que sexa preciso realizar, contravindo de novo o estrito procedemento de cesión gratuita de bens inmoables regulado no Regulamento de Bens, sen determinar o alcance das cesións, sendo por tanto contrario a dereito.

Respecto dos permisos e autorizacións para a realización de obras que segundo o convenio se expedirán sen aplicación de taxas, entende este informante que se refire a permisos e

autorizacións doutras obras distintas ás que constitúen o obxecto principal do Convenio, pero que non lle correspondería executar ao Concello de Fene xa que de ser o Concello de Fene o que levase a cabo as obras non sería necesaria autorización nin pago de taxa (segundo o artigo 198.5 da Lei 9/2002 sinala que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación de que no expediente se cumpre a lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor. No mesmo sentido se ten pronunciado a xurisprudencia que sinala que coa aprobación do proxecto pola administración téñense que levar a cabo os mesmos controis que se realizan para a concesión das licenzas urbanísticas, precisamente por esto se fai a licenza innecesaria). En calquera caso a renuncia o cobro das taxas supón unha exención do pago do tributo e segundo o artigo 8 d) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria soamente mediante lei se pode regular o establecemento, modificación, supresión e prórroga das exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais, sen que se estableza mediante lei a posibilidade de establecer exencións por vía conxugal polo que esta previsión é unha dispensa non permitida en dereito (sen prexuízodo que establece o artigo 29 da Lei de augas galega e 127 do Texto articulado da Lei de augas do Estado).

Prosegue o apartado dicindo que “A autorización condiciónase á posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, de maneira que, no caso de que as mesmas se ampliaren ou modificaran e por Portos de Galicia se considerase necesario desprazar calquera das actuacións ou modificar as súas características, as obras necesarias serán executadas e aboadas polo Concello de Fene seguindo an todo momento as directrices de Portos de Galicia. Do mesmo xeito se actuaría no caso de interferir coa actividade portuaria e se fose necesario realizar algunha modificación na actuación. A mesma situación produciríase no caso de que no Concello se levara a cabo outras actuacións de saneamento que deixaran fóra de uso as instalacións, polo que correría a cargo do Concello as actuacións conducentes a súa eliminación.”

Esta cláusula engade a posibilidade de que sexan modificadas as instalacións previstas se o estima Portos de Galicia correndo o Concello cos custes dos cambios de ubicación que esixa Portos de Galicia e mesmo da súa retirada para o caso de que deixen de prestar servizo. O Concello non é titular das instalacións nin explota o servizo de saneamento que se pretende establecer segundo o convenio polo que non se axusta, ao día da data, a dereito asumir esta cláusula.

3 O Concello comprometeríase a permitir, do xeito legalmente establecido, a conexión á rede de saneamento das instalacións portuarias de Maniños-Barallobre para o caso de que o estimen de interese.

Cláusula quinta

Establece os compromisos que adquiriría coa sinatura do convenio o Ente Público Portos de Galicia básicamente autorizar as obras definidas no proxecto e que autorizará a intervención nos terreos que ocupan as obras para poder cumprir as obrigas derivadas do convenio.

Cláusula sexta

Prevé a creación dunha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio. Composta por unha presidencia que será o Presidente de Portos de Galicia e seis vogais sendo nomeados dous vogais por cada unha das partes asinantes, establecendo en quen recae esta condición para Portos de Galicia e para a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Cláusula séptima

Establece as normas aplicables para o caso de extinción anticipada do convenio establecendo a obriga de reposición do dominio público portuario nas condicións nas que foi entregado e reversión das obras en perfecto estado de conservación e mantemento e que para o caso de que as obras non se podan iniciar ou se suspendan ou se deba desistir por causa imputable ao Concello este deberá indemnizar o que corresponda.

Cláusula oitava

Entre outras consideracións, sinala que ao Concello lle corresponde o cumprimento en exclusiva das obrigas legais que lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio sen que o convenio supoña o nacemento de vínculos contractuais, laborais ou doutro tipo entre a Xunta de Galicia e o persoal que execute as actuacións.

Cláusula novena

Mediante esta cláusula o Concello de Fene asumirá, “ao seu único cargo” as responsabilidades fronte a terceiros que poideran derivarse pola posesión, disposición e utilización da infraestrutura de saneamento autorizada.

Cando menos a redación non é a máis axeitada porque de asumir o Concello de fene o servizo que se pretende a Xunta de Galicia establecer e de ser xestionado o servizo indirectamente correspóndelle ao contratista responder dos danos ocasionados a terceiros nos termos da lexislación contractual (actualmente artigos 214 e 246 e) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

Cláusula décima

Establece unha vixencia indefinida e a necesidade dun preaviso de 36 meses para o caso de que algunha das partes acorde apartarse do convenio.

5ª Competencia para a aprobación do convenio

A última cuestión a analizar é a da competencia para a aprobación da subscripción deste convenio. As cláusulas que o conforman afectan a diversas materias, polo que a análise da competencia para a súa subscripción debe terse en conta diversas cuestións:

Hai que principiar pola norma xeral que atribúe ó alcalde da Corporación a competencia sobre todas aquelas materias non expresamente atribuídas a outro órgano de goberno do Concello (artigo 21.1.s da LBRL).

Do clausulado do convenio (cláusula 4ª) parece que se deduce unha delegación de competencias a favor do Concello por parte doutra Administración Pública, que deba ser aceptada por aquel (competencia plenaria atribuída polo artigo 22.2.g) da LBRL esixíndose maioría absoluta polo 47.2e da mesma Lei)

A cesión gratuita de bens require acordo plenario por maioría absoluta (artigo 42.2ñ da Lei 7/1985 de 2 de abril).

Por todo o exposto, e á vista de que o convenio prevé acordos que directa ou indirectamente compenten ao Pleno correspondería ao Pleno a aprobación do convenio.

Conclusión:

Infórmase desfavorablemente a aprobación deste convenio segundo o sinalado na cláusula 4ª deste informe. Se a Corporación, contra do criterio deste informante, acorda proseguir co expediente correspondéalle, a xuízo deste informante, ao Pleno da Corporación a súa aprobación por maioría absoluta do número legal dos seus membros, previo e preceptivo informe da Intervención.

Fene 28 de decembro de 2011

O secretario
Jesús Tallón García”

Logo de ver o informe de Intervención de data 30 de decembro de 2011, que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCION
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E A EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS E O CONCELLO DE FENE PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DE COLECTORES XERAIS E ESTACIÓN DE BOMBEO NA ZONA DE SERVIZO DO PORTO DE MANIÑOS-BARALLOBRE(A CORUÑA)

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia ten a ben emiti-lo seguinte informe:

ANTECEDENTES

Como antecedentes máis salientables ao obxecto do que logo se dirá:

- 1.- En data 26 de novembro de 2007 subscribíuse convenio de Colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da “Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona Sur da ría de Ferrol. Ares, Fene e Mugardos” segundo anteproxecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo Presidente da empresa pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- 2.- En data 28 de decembro de 2007, O Pleno do Concello acordou prestar a súa aprobación ao convenio citado no antecedente anterior.
- 3.- Remisión con data de 14/11/2011 (entrada nº 11659) de “Convenio de colaboración entre o Ente público Portos de Galica e a empresa pública de obras e servizos hidráulicos e o Concello de Fene para a execución e mantemento de colectores xerais e estación de bombeo na zona de servizo do Porto de Maniños-Barallobre (A Coruña)”.
- 4.- Informe xurídico da Secretaría municipal.

CUESTIÓNS PREVIAS

Como cuestión previa, en primeiro termo, déixase constancia de que o expediente examinado non se atopa numerado nin asinado en tódalas súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación, tal e como dispón o artigo 164.2 do R.O.F., polo que se formula a oportuna observación e se informa da necesidade de cumprimentar o disposto en dito precepto regulamentario.

Ademais indicar o escaso tempo hábil (o expediente foi remitido o día 28/12/2011) para examinar o expediente polo que as presentes consideracións poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Indicar, en último termo, as limitacións existentes para a emisión do presente informe pola ausencia de calquera outra documentación da sinalada nos antecedentes, documentación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeira.- Obxecto do convenio: segundo a cláusula primeira, o obxecto é regular a colaboración entre as partes nel definidas no que atinxe ás “...actuacións de dominio público portuario do porto de Maniños -Barallobre en canto á execución das obras relativas as obras de saneamento definidas no proxecto co título Actuacións de saneamento na zona norte da Ría de Ares e na zona sur da Ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugar dos (A Coruña) facéndose cargo o Concello da conservación, mantemento e explotación das obras.”

Definindo na cláusula cuarta os compromisos/obrigas do concello de Fene que se sustancian en:

1. Asumir, durante a fase de explotación, os custos de conservación, mantemento , limpeza e no seu caso, mellora das obras de saneamento obxecto deste convenio e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto, mantemento da rede de saneamento executada e existente obxecto do presente convenio.
2. Entregar sen contraprestación e libre de cargas e gravames, a titularidade das obras de referencia executadas en dominio público portuario ó ente Portos de Galicia, e aportación libre de cargas, os terreos da súa competencia que resultasen necesarios para a execución das obras coa expedición - exenta de taxas- dos permisos e autorizacións que foran necesarias.
3. Compromiso do Concello de permitir a Portos de Galicia na xestión das instalacións portuarias de Maniños-Barallobre a conexión á rede executada.

Como pode apreciarse o obxecto do presente convenio trae a súa causa no proxecto de construción e explotación “Actuacións de saneamento na zona norte da Ría de Ares e na zona Sur da ría de Ferrol, Ares Fene e Mugar dos”, proxecto que foi obxecto de licitación e adjudicado á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Descoñécese cal son as obrigas que a empresa concesionaria asumiu ó abeiro do citado contrato, e en consecuencia, se algunhas das que forman parte do presente convenio se atopan incluídas dentro do obxecto do contrato concesional.

Segundo: Competencias municipais.

O obxecto do convenio obriga a efectuar un análise de cales son as atribucións competenciais que os Concellos teñen en materia de tratamento de augas residuais.

Frente ó alcantarillado que sí aparece definido como un servizo municipal obrigatorio (26,1 LBRL), o tratamento de augas residuais non ten a consideración de servizo obrigatorio dado que o artigo 25.2 LBRL só habilita ós entes locais para participar na prestación do servizo e o grado de participación debe obedecer exclusivamente á atribución que realice o lexislador sectorial.

Esto nos obriga a acudir á lexislación sectorial autonómica vixente neste momento, e en concreto, á Lei 9/2010, de 4 de novembro de Augas de Galicia.

Así o artigo 5 dispón “Competencias de los entes locales.

1. Corresponden a los entes locales, de conformidad con lo establecido en la legislación de régimen local, las competencias relativas a las materias siguientes:

a. El abastecimiento domiciliario de agua potable y su control sanitario.

b. El alcantarillado.

c. El tratamiento de aguas residuales, respecto a las instalaciones no comprendidas en el ámbito del artículo 32 de la presente Ley, o respecto a aquellas sobre las cuales los municipios no ejerciten la opción prevista en la disposición transitoria quinta.

d. El ejercicio de cualquier otra función establecida en la presente Ley o el resto del ordenamiento jurídico de aplicación.

2. Las entidades locales, en ejercicio de las competencias establecidas en el apartado anterior, podrán ejecutar obras hidráulicas, incluso las de interés de la Comunidad Autónoma, mediante el correspondiente acuerdo....”

Pola súa banda o artigo 32.1 do mesmo texto legal dispón que: ”Se declara de interés de la Comunidad Autónoma de Galicia el servicio de depuración de aguas residuales urbanas, cuyo ámbito material comprende la regulación, planificación, aprobación definitiva de proyectos, construcción y gestión, explotación y mantenimiento de las estaciones depuradoras de aguas residuales, redes de colectores generales y conducciones de vertido que formen parte del Plan gallego de saneamiento, así como, en su caso, la reutilización de las aguas residuales depuradas.”

Asimesmo, o artigo 27 “Competencias de las entidades locales.

1. Es competencia de las entidades locales, de acuerdo con lo que se establece en la legislación de régimen local, el suministro de agua potable, el alcantarillado y el tratamiento de las aguas residuales.

2. En particular, corresponden a las entidades locales las funciones siguientes:

a. La elaboración y aprobación de los proyectos de obras y la ejecución de las infraestructuras correspondientes cuando se trate de obras de su competencia o cuando se actúe por delegación de la Administración de la Comunidad Autónoma.

b. La explotación de los servicios de su competencia.

c. En materia de distribución y alcantarillado:

- c.1. La planificación, que se llevará a cabo a través de los instrumentos de ordenación urbanística adecuados según la legislación urbanística aplicable y en el marco de la legislación y la planificación autonómica de aplicación en esta materia.

- c.2. El proyecto, construcción, explotación y mantenimiento de las redes de distribución y alcantarillado.

- c.3. El control de vertidos al alcantarillado en el marco de lo que ordene la normativa de aplicación al respecto.

3. Las entidades locales podrán realizar la explotación de los servicios de su competencia por sí mismas o en unión de otras entidades locales dentro de las posibilidades que contempla la legislación de aplicación de régimen local.

4. Las entidades locales podrán delegar el ejercicio de sus competencias en Aguas de Galicia mediante los instrumentos jurídicos previstos en la normativa vigente.,,,”

O artigo 26.2 b) do mesmo texto legal indica que son competencias da Admón. Autonómica as de “La elaboración y aprobación de los proyectos de obras y su ejecución cuando se trate de actuaciones declaradas de interés de la Comunidad Autónoma de Galicia.”

En consecuencia, si o obxecto do presente convenio é, entre outros, asumir durante a fase de explotación os custos de conservación, mantemento, limpeza e mellora das obras de saneamento no dominio público portuario de porto de Maniños-Barallobre así como o mantemento da rede de saneamento executada, o concello estaría a asumir, previsiblemente (e sen que poida efectuarse unha afirmación definitiva ó respecto debido á ausencia de información no expediente que nos permitiría efectuar un pronunciamento firme sobre esta cuestión) unha competencia que dacordo coa previsión contida no artigo 5 non estaría atribuída ó concello por tratarse dunha actuación das comprendidas no artigo 32 da Lei de Augas de Galicia, e polo tanto, competencia de esta.

Así, a propia Lei 9/2010 fai referencia en diversos artigos á posibilidade de acudir a fórmulas asociativas entre os concellos neste ámbito, polo que tal cuestión debería ser analizada con carácter previo á sinatura deste convenio, e todo elo, tendo en conta que o obxecto do contrato concesional para a construción e explotación das “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos, afecta ós tres concellos, isto é, Ares, Mugardos e Fene.

En todo caso, a xuízo da que suscribe, o contido do propio convenio xera unha evidente inseguridade xurídica para o concello posto que, en primeiro termo, descoñécensense absolutamente cando serían asumidas estas obrigas polo concello e todo elo en base ó contrato concesional licitado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para a execución das "Actuacións de saneamento na zona norte da Ría de Ares e na zona Sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugarbos" posto que é obxecto do mesmo tanto a propia construción como a explotación das instalacións, non obstante, e tal e como se indicou anteriormente, descoñécense os termos exactos do contido do propio contrato. Por outra banda, non se fai ningún tipo de previsión sobre cales serían os custos da asunción destas obrigas, e polo tanto, un cálculo que poida permitir estimar a priori a capacidade económica do Concello para facer fronte ás mesmas.

En todo caso, e tendo en conta que as Administracións Públicas (estatal, autonómica e local) en base ó disposto nas directivas comunitarias e o Real DECreto Ley 11/1995, actual Texto Refundido 1/2011, están obrigadas a prestar un servizo de saneamento e depuración de augas, é polo que pode afirmarse que existe un deber por parte das entidades públicas e conforme ós seus títulos competenciais en prestar esas funcións e, no seu caso, os servizos públicos. Estes servizos públicos, non poden prestarse sen a correspondente organización e determinación dos medios humanos, materiais e financeiros que poidan financiar estes servizos. En definitiva, entende esta informante e coas limitacións evidentes pola ausencia de maior información, que podería estarse a producir coa sinatura deste convenio, a asunción dunhas competencias que o concello non debería asumir a priori, tal e como prevé a Lei 9/2010, de augas de Galicia.

Cómpre lembrar que o suministro de auga é unha competencia municipal. Así o TRLFL (RDL 2/2004, de 5 de marzo), no seu artigo 20,4 t) e r) posibilita que as entidades locais poidan establecer taxas por calqueira prestación de servizos ou realización de actividades administrativas de competencia local recolléndose no seu apartado r) os servizos de alcantarillado, tratamento e depuración de augas residuales. Así, as figuras tributarias que se recadan co recibo da auga que cobra o concello son varias: a) por tratarse dunha entrega de bens (suxeita ó IVE, que é de ámbito estatal), b) os cánones de saneamento, de infraestructuras e ou vertidos os cales son de carácter autonómico e c) as taxas polo servizo de alcantarillado que se circunscriben ó ámbito local.

En consecuencia co anterior, a asunción destas competencias en tanto que suporían un aumento de custos para o concello implicará a necesidade de efectuar un novo estudo económico da taxa que custea o servizo co fin de valorar os custos totais do mesmo.

Terceiro.- En último termo, esta Intervención suscribe na súa totalidade as consideracións cuarta e quinta realizadas no informe da Secretaría, que por razóns de economía non son reproducidas.

CONCLUSIONS

Fiscalízase desfavorablemente a aprobación deste convenio de colaboración en base ás consideracións realizadas no apartado segundo.

Fene, a 30 de decembro de 2011.

A INTERVENTORA

Asdo.- Marta Roca Naviera"

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor porque se axusta ao inicialmente

previsto por parte da Xunta de Galicia e o Concello de Fene para executar esta obra. Di respecto dos bombeos que tiñan determinadas diferenzas nun primeiro momento, xa que é certo que a Xunta de Galicia podía ter feito un trazado que evitase parte dos bombeos que ten este trazado e que por tanto se reducisen os custes de mantemento para os concellos pero os seus técnicos informaron que o actual trazado é o máis convinte.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que esta obra é fundamental para o saneamento da ría pero non entenden que se traia ao Pleno con esta improvisación tendo en conta que hai dous meses que está no Concello, que non entenden como non se leva a unha Comisión Informativa e se lles dá conta aos grupos municipais. Di respecto do convenio que se trata dun acordo con Portos de Galicia cando no seu momento xa se fixo un acordo de cesión das competencias de Fene, tanto para a expropiación coma para a construción, de feito o propio informe da Secretaría é desfavorable. Di que o seu grupo non vai poñer trabas a este acordo pero que tampouco van votar a favor porque non entenden nin o procedemento nin o contido, xa que o propio convenio di que a Empresa Pública Obras Hidráulicas xestionará e isto o vai facer o Concello de Fene polo que expresa as súas dúbidas de que isto sexa correcto e sinala ao propio informe da Secretaría.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que comparte a idea expresada polo voceiro do BNG de que non tivo acceso á información necesaria. Di que é unha obra necesaria para Fene e para o saneamento da ría, que non tiveron acceso a máis información que a facilitada agora mesmo, polo que o seu voto vai ser a abstención.

Seguidamente intervén o alcalde para dicir que estes bombeos forman parte da rede municipal de saneamento que bombean ao colector xeral da Xunta de Galicia.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que aínda que pode compartir en parte o informe da Secretaría, entende que os bombeos son coma calquera outro bombeo que ten o Concello, que si serían parte das competencias do Concello e sempre se entendeu así en todas as conversas mantidas coa Xunta de Galicia para a construción do colector da banda sur da ría de Ferrol, que por iso o seu voto vai ser favorable.

Seguidamente intervén o alcalde para engadir que non constan todos os datos precisos porque o convenio debía ir acompañado dos custes que van supoñer, que é un expediente aparte porque van especificar as potencias dos bombeos que correspondan a cada Concello, Ares, Mugardos e Fene, que por iso os custes non son previsibles porque non constan no convenio.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria aprobación do Convenio entre o Ente Público de Portos de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Fene, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Painceiras, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez e Silvar Canosa)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Aprobar o Convenio de colaboración entre o ente Público Portos de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Fene para a Execución e mantemento de colectores xerais e estación de bombeo na zona de servizo do Porto de Maniños-Barallobre (A Coruña).

4. Corrección erros aritméticos acordo da sesión do 15/11/2011 relativo á transferencia de crédito núm 9/2011.

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 13 de decembro de 2011, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- RECTIFICACION DE ERRO ARITMETICO.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o 15/11/2011 relativo á aprobación inicial do expediente de transferencia de crédito nº 9/2011 que no apartado 1º dispón que:

“1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función por importe de 14.000,00 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplicac. orzamentaria minoradas

APLICAC. ORZ.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
132/12003	Seguridade. Retribucións básicas	14000

Aplicac. orzamentaria incrementadas

APLICAC. ORZ.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
920/22000	Administración xeral. Material de oficina	3000
920/22607	Administración xeral. Asistencias a tribunais	2000
920/22200	Administración xeral. Comunicacions telefónicas	4000
341/22799	Promoción e fomento do deporte. Outras contratacións de servizos	6000

Logo de ver o erro artimético existente no importe do aplicación 920/22200 que figura por importe de 4000 € cando o importe correcto é de 3000 € segundo o detalle que figura na providencia da Alcaldía.

Considerando que segundo o art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro “ Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”, esta Alcaldía PROPON:

1º Rectificar o erro aritmético existente no acordo adoptado polo Pleno en sesión de 15/11/2011 relativo á aprobacion inicial do edpediente de transferencia de crédito nº 9/11 de modo que onde di “ 920/22200 (Administración xeral. Comunicaci3ns telef3nicas) 4000 €” debe dicir “920/22200 (Administraci3n xeral. Comunicaci3ns telef3nicas) 3000 €”

Fene, a 13 de decembro
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Ao non haber debate, o Pleno da Corporaci3n en votaci3n ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º Rectificar o erro aritmético existente no acordo adoptado polo Pleno en sesi3n de 15/11/2011 relativo á aprobaci3n inicial do expediente de transferencia de crédito nº 9/11 de modo que onde di “ 920/22200 (Administraci3n xeral. Comunicaci3ns telef3nicas) 4000 €” debe dicir “920/22200 (Administraci3n xeral. Comunicaci3ns telef3nicas) 3000 €”

FASE DE CONTROL AOS 3RGANOS DE GOBERNO

1. Daci3n de conta das resoluci3ns da Alcaldía dende o n3mero 989/2011 de 14 de novembro ata o n3mero 1124/2011 de 21 de decembro de 2011

Dáse conta das Resoluci3ns da Alcaldía comprendidas entre a n3mero 989/2011 de 14 de novembro ata o n3mero 1124/2011 de 21 de decembro de 2011, manifestando o alcalde que estiveron a disposici3n dos distintos grupos municipais na Secretaría do Concello, e así consta no expediente.

2. Moci3ns

Non hai ningunha.

3. Rogos e preguntas

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, pregunta polo centro social da 3ª idade que publicou uns carteis nos que se informa aos usuarios que a partir do un de xaneiro, debido ao peche da cafetería, permanecerá pechado os sábados, domingos e festivos por falla de persoal, polo que pregunta se o goberno municipal ten coñecemento deste asunto e se é así se ten feito algunha xesti3n ante a Xunta de Galicia para o evitar, xa que o centro acumula varios problemas, o peche do centro e o peche da cafetería, que xa tivo moita polémica dende que Sanidade pechou a cociña e non se deron comidas, aínda que o servizo foi restituído posteriormente cun catering, que o centro leva varios días sen calefacci3n, que a isto se xunta a promesa incumplida da Xunta de Galicia de facer unha nova cociña. Di tamén respecto da cabalgata de reis que recibiron moitas queixas polo motivo de que este ano a cabalgata non vai ir polas parroquias polo que roga que de cara a vindeiros anos a cabalgata poida retomar a

costume de que volva pasar polas diferentes parroquias, cando o aforro dos custes da cabalgata do ano pasado a con respecto deste ano é só de mil e poucos euros, aproximadamente.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde para responder respecto da pregunta do centro da 3ª idade dicindo que fai pouco tivo unha reunión informal coa conselleira de Traballo e Benestar con motivo dun acto e precisamente lle fixo chegar os problemas deste centro, aínda que non polo que preguntou agora mesmo. Di que son as primeiras novas que teñen sobre este último peche, pero si respecto do problema da coral, das queixas dos usuarios respecto do funcionamento do centro, da cafetería e das baixas continuas do Director do centro. Di que os membros do equipo do goberno municipal foron en varias ocasións ao centro e a día de hoxe aínda non saben se se incorporou ou non. Di que cando falou coa conselleira non sabían da marcha do concesionario da cafetería pero di que se compromete a facer a xestión solicitada.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Ponte, quen unha vez concedido, manifesta en relación co rogo da cabalgata de reis que na Comisión de Cultura se deu conta do aforro que foi bastante maior de mil euros, que a cabalgata do ano anterior o gasto foi de oito mil coarenta e oito euros e a deste ano vai custar cinco mil catrocentos, polo que o aforro é maior e non só por non ir as parroquias. Di que falou con varias asociacións e a este respecto e pide perdón pola falla de experiencia, por non ter falado con todas as asociacións aínda que isto non cambiaría en ningún caso a decisión do goberno, que as asociacións coas que falou lle dixeron que todos os anos a cabalgata pasaba tarde, mal e a rastro, que paraba moi pouco, que sempre chegaba tarde ao comezo do traxecto pola zona urbana e chegando incluso a rematar ás nove e media da noite, di que tamén hai nos arquivos un escrito dunha sociedade que renunciaba ao paso da cabalgata. Di que o que se fixo é buscar unha alternativa que se materializou nos carteiros reais que foron ás parroquias a levar un buzón Real que tivo un custo practicamente cero. Di que para o ano que ven se comezará a traballar antes e se buscará a implicación das sociedades.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, roga ao goberno municipal que antes de tomar decisións en materia de persoal, coma pode ser o despido, se comunique antes á Xunta de Persoal coma ao Comité de Empresa e aos propios grupos políticos nas Comisións Informativas. Prosegue dicindo que este ano, cousa que nunca se fixera, se lles entregaron unhas axendas aos membros da Corporación na que constan entre outros idiomas o galego, pero en letra moi pequeniña, que se trata dunha axenda comercial de pouca utilidade para un concelleiro, que tampouco é o máis importante para eles. Roga respecto ca cabalgata que antes de programar actividades hai que falar coa xente a quen se dirixe, que si houbo problemas no pasado o que hai que facer é solucionarlos e non eliminalos, polo que roga que se fale coa xente antes de programar actividades deste tipo.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Inés Roca Requeijo, quen unha vez concedido, roga que se lle conteste por escrito o antes posible respecto dun escrito presentado por rexistro na Casa do Concello en relación co alumeado de nadal da parroquia de Maniños. Respecto do asunto da cabalgata de reis di que a concelleira de Cultura improvisou esta actividade, que cando houbo protestas por parte das sociedades se adoptou a medida de enviar aos carteiros reais e di que non en todas as sociedades hai buzóns, polo que roga que isto se teña en conta para vindeiras ocasións.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Juventino José Trigo Rey, quen unha vez concedido, di que no Pleno ordinario do mes de outubro se aprobou unha moción do BNG en relación coa derrogación da Orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de

determinados inmuebles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011. Di que o sete de decembro publícase no DOGA as modificacións dos prezos para o ano 2012 e que Fene non sofre rebaixas, que chegan a diferenzas de ata o cincuenta por cento respecto a outros Concellos, que de xeito que en Fene se seguen cos mesmos valores dos anos 2010 ou 2011, cousa que noutros Concellos si que se fan e por iso pregunta si se deu traslado do acordo do Pleno de Fene á Xunta conforme Fene estaba en contra deses prezos e pregunta se o goberno local fixo algunha xestión para revisar na exposición pública os prezos para o ano 2012.

De seguido intervén o alcalde que di que se toma nota dos rogos e di que o acordo sobre a moción do BNG a que se fixo referencia si de deu traslado, xa veu a comunicación conforme foi recibido hai pouco, que non se fixo ningunha xestión máis dende o Concello polo que o alcalde di que toman nota da pregunta e di que estudarán o tema.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta en relación coa cabalgata que xa pediu desculpas por non falar con todas as sociedades, di que aínda así falou coa maioría delas e reitera as desculpas. Di tamén que en cada parroquia rural hai un buzón en cada unha das sociedades e respecto da improvisación di que o día dezaoto de decembro, coincidindo co día das panxoliñas realizado no local de Agarimo en Sillobre falou coa súa presidenta ao respecto. Di que o goberno está para gobernar e tomar decisión e repite que o sitio polo que ten que pasar a cabalgata é pola zona urbana e tamén pensa que hai que traballar sobre esta actividade e que as sociedades teñen que ter máis implicación nestes temas.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Inés Roca Requeijo, quen unha vez concedido, por alusións, di que a Concellería sacou unha listaxe con todas as actividades que se ían facer no Nadal e coma houbo queixas das sociedades se sacou un novo documento que se facilitou no Pleno do día vinte e oito de decembro.

A concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente manifesta que as queixas tiveron entrada no rexistro o trinta de decembro.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, pregunta en relación coas condicións de cesión do local social de San Marcos á Asociación veciñal para que se lle faciliten estes datos. Roga para que lle faciliten o estado de execución dos orzamentos do ano 2011 para poder traballar respecto dos orzamentos deste ano. Di que quere a información solicitada respecto da Radio municipal. Tamén di que quere que se lle informe dos gastos da telefonía móbil e pregunta en relación co concurso de tapas de Fene si xa se pagaron os premios. Pregunta como se vai afrontar o pagamento do alumeado de nadal, que dende algúns comercios lle dixeron que aínda ninguén se puxera en contacto con eles e non saben como se vai facer. Respecto do dito pola concelleira respecto de que a cabalgata de reis só ten que pasar pola zona urbana pregunta se os veciños da zona rural non pagan impostos, que ao mellor hai algunha sociedade que renuncia a que pase por alí pero que en todo caso non é partidaria de que a cabalgata só se faga na zona urbana.

A continuación intervén o alcalde que di en relación ao local de San Marcos que hai que ir ao arquivo e ver coma está para poderllos facilitar, respecto da outra información que pediu di que se lle facilitarán, en relación co pagamento do alumeado de nadal di que xa se está a traballar nunha información que solicitara o BNG e que esa información se lle facilitará a todos os grupos.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido, di en relación co estado de execución do orzamento están a espera dos extractos bancarios que permitan confeccionar o documento, que espera telo feito para facilitarlos aos grupos na segunda semana de xaneiro. Respecto do concurso de tapas di que xa está feita a orde de pago e lle facilitará a información de se xa está pagado.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 12:10 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,
O alcalde-presidente

O secretario,

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García